

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES DE CURTIS
CURSO: 1º DE BACHARELATO
MATERIA:FILOSOFÍA
DEPARTAMENTO:FILOSOFÍA
DATA:10 DE MAIO DE 2020

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1: contidos transversais	Bloque 1: contidos transversais
. Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores-as destacados.	. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores-as destacados, identifica a problemática e as solucións expostas.
.Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade.	. Argumenta e razoa as súas opinións de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
.Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes.	. Selecciona e sistematiza información obtida tanto de libros específicos como de internet, usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar información.
	. Elabora lista de vocabulario de conceptos e comprende o seu significado.
Bloque 2: o saber filosófico	Bloque 2: o saber filosófico
.Coñecer e comprender a especificidade e a importancia do saber racional en xeral e do filosófico en particular.	.Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando a filosofía dende a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, coma o científico ou o teolóxico.
. Identificar as dimensións teórica e práctica da filosofía, os seus obxectivos e características.	.Explica a orixe do saber filosófico diferenciando dos saberes prerracionais.
.Contextualizar histórica e culturalmente as problemáticas analizadas.	.Identifica, relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica da labor filosófica, así como as disciplinas que conforman a filosofía.
	. Expresa por escrito as teses fundamentais dalgunhas das correntes filosóficas mais importantes do pensamento occidental.
Bloque 3: o coñecemento	Bloque 3: o coñecemento
. Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas no proceso do coñecemento humano.	. Identifica e expresa de xeito claro e razoado os elementos e as problemáticas que implica o proceso do coñecemento da realidade.
. Explica e reflexiona sobre o problema do acceso á verdade.	.Coñece e explica teorías acerca do coñecemento e da verdade.
. Coñece e explica a función da ciencia, os seus modelos de explicación, as súas características, os seus métodos e a tipoloxía do saber científico.	. Explica os obxectivos, as funcións e os principais elementos da ciencia.
. Coñece os símbolos da lóxica formal e as táboas de verdade.	.Constrúe unha hipótese científica, identifica os seus elementos.

	. Usa con rigor termos epistemolóxicos coma indución, dedución, hipotético-deductivo, método, verificación, entre outros.
	. Coñece os principais conectores e realiza as táboas.
	. Realiza inferencias e cálculos lóxicos.
Bloque4: A racionalidade práctica	Bloque4: A racionalidades práctica
. Identificar a especificidade da razón na súa dimensión práctica, en tanto que orientadora da acción humana.	. Recoñece a función da racionalidade práctica para dirixir la acción humana.
. Coñecer e explicar as principais teorías éticas sobre a xustiza e a felicidade, e sobre o desenvolvemento moral.	. Explica a orixe da ética occidental no pensamento grego.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> . Observación do traballo telemático do alumnado (en caso de que sexa posible). . Recompilación de actividades de reforzo, recuperación e ampliación ben individuais ben en grupo.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> . Iniciativa, interese e boa actitude de cara aos traballos propostos. . Cuestionarios de resposta escrita: <ul style="list-style-type: none"> De carácter obxectivo realizadas ben a través do emprego de ferramentas telemáticas, ben a través do caderno e posterior envío ao profesorado. De investigación, individuais o en grupo, realizadas a través do emprego de ferramentas telemáticas, ou a través do caderno o posterior envío ao profesorado.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A nota final é a media das dúas primeiras avaliacións. As actividades de reforzo, recuperación e ampliación realizadas durante este trimestre repercutiran do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> .Sen entrega de actividades: queda coa nota da media sen redondeo. .Con entrega de actividades resoltas: sube a nota da media. .Nota media das dúas primeiras avaliacións entre 4 e 5: poden aprobar coas actividades entregadas. .Nota media das dúas primeiras avaliacións menos de 4: plan de reforzo con actividades de recuperación que inclúa os contidos mínimos que hai que ir entregando periodicamente, e con isto poderían aprobar.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Terá en conta as aprendizaxes desenvoltas durante os dous primeiros trimestres, cos seus correspondentes estándares de aprendizaxe, reflectidos na programación do Departamento.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: NON HAI, NESTE DEPARTAMENTO, ALUMNOS CON MATERIA PENDENTE.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As actividades de repaso, reforzo, recuperación dos contidos propostos ao alumnado poderán ser de diferente índole (resumos, cuestionarios, comentarios de texto...) e de diversas fontes:</p> <ul style="list-style-type: none"> . Dos libros de texto empregados. . De diferentes recursos de internet, elaborados polo propio profesor, por exemplo: unafilosofiadepriero.blogspot.com/
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>As explicacións, aclaración de dúbidas, resolucións de cuestións formuladas polos alumnos... empregaranse diferentes vías: videoconferencias que permitan un maior achegamento do profesorado co seu alumnado, sempre se sexa viable; vídeo tutoriais que permitan o acceso a información do alumnado que, por diferente motivos, non poida conectarse por videoconferencia; tutoriais en formato dixital (documentos de textos, presentacións, imaxes...)</p> <p><u>.Todos os alumnos de filosofía de 1º de Bacherelato están conectados, sin ningún problema de momento, o blog de filosofía, en activo dende o comezo deste curso.</u></p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>O emprego das telecomunicacións será a vía por a cal producirase a comunicación e o achego de apuntamentos, actividades, aclaración de dúbidas, entre o profesorado e o alumnado, para a cal empregaranse as diferentes plataformas de traballo que temos a nosa disposición. En filosofía de 1º temos, dende o inicio do curso, un blog, que e o camiño polo cal discurren e discurren a maior parte das actividades.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> . Mediante a plataforma empregada. . Mediante correo electrónico á conta do alumno. . A través do titor do curso, como intermediario entre o profesorado e as familias
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Publicación obrigatoria na páxina web do centro</p>